IES SAN ROSENDO

# O IES San Rosendo, co medio ambiente e as tecnoloxías

## Desde Mondoñedo divulgan os seus proxectos noutros países

MONDOÑEDO / LA VOZ

Desde o Instituto Plurilingüe San Rosendo de Mondoñedo impartimos unha Educación Secundaria Obligatoria, Bacharelato e ciclos formativos da rama Agraria mirando sempre de preto as necesidades e intereses do noso alumnado e participando activamente en diversos programas educativos que reforcen a nosa calidade de ensinanza.



A directora con alumnos de proxectos de inmersión linguística.

Dentro do Plan Proxecta traballamos as modalidades de Sostibilidade e paisaxe con 12 meses, 12 paisaxes e o Proxecto Ríos. Ao longo deste curso, estudiamos as paisaxes do noso entorno e tamén outras máis lonxanas, os cultivos e produtos da nosa terra (a faba, a castaña, a mazá, o viño, os figos...). Saímos da fronteira que marca a aula e traballamos nos nosos ríos e visitando os seus muíños. Das nosas praias e os nosos bosques obtivemos mostras de algas e setas que posteriormente recollimos, analizamos e clasificamos. Ao mesmo tempo, interesámonos polas prantas e as árbores autóctonas, e os alumnos deseñaron os seus propios herbolarios. Fixámonos nos efectos devastadores do ser humano na natureza e tamén nos seus esforzos por protexer paraísos naturais e especies en perigo de extinción.

Crimos necesario comprometernos co noso medio ambiente, afectado como sabemos polo cambio climático, fomentando a reciclaxe e o consumo responsable como fórmulas para conseguir un entorno sostible.

Desde o IES Plurilingüe San Rosendo partimos de que o noso futuro non dependerá do mundo que lle deixemos aos nosos fillos, senón dos alumnos que eduquemos para o mundo.

### Proxecto e Twinning

Utilizamos e utilizaremos as novas tecnoloxías da información e a comunicación para proxectar ao exterior o noso traballo. Intercambiamos actividades con outros centros de Polonia, Turquía, Francia e Menorca. Do mesmo modo que expoñemos toda a nosa actividade no Facebook do IES, en eTwinning (http://new-twinspace.etwinning.net/web/p100635), na páxina web do noso centro (http://www.edu.xunta.es/centros/iessanrosendo/) ou no blog da nosa biblioteca (www.bibliomerlin.blogspot.com). Do mesmo modo, o Departamento de Inglés xestionou unha semana de inmersión lingüística nos Peares en novembro para os alumnos de 2º da ESO.

> Tres alumnas seleccionadas pola Fundación Amancio Ortega

### Contratos-programa

Co fin de mellorar a lectura, a escritura e o cálculo, e de apoiar a aprendizaxe do noso alumnado en horario lectivo deseñáronse actividades como clubs de lectura das distintas línguas, representacións teatrais, recolección de setas e clasificación, a publicación da revista escolar, o fomento da lectura de prensa na clase, os talleres de cálculo e creación literaria, os contacontos ou os retos científicos semanais. Estamos comprometidos con mellorar os resultados académicos dos nosos estudiantes pouco a pouco, e de fomentar o hábito lector entre os mozos. Por outra parte, tres das nosas alumnas de 4º da ESO (Minerva Rivas, Gema González-Redondo e Ana Losada) foron seleccionadas pola Fundación Amancio Ortega para cursar 1º de Bachillerato nos EE.UU.


Clase práctica en colaboración do Distrito Forestal.


Un grupo de alumnos nunha saída para recoller cogumelos.

## Un centro que é un referente formativo na rama agraria

O IES é un referente na comarca en formación da rama Agraria. Nas instalacións de A Granxa desenvólvese boa parte do programa educativo, que completan con actividades moi diversas, tanto nese entorno como no exterior. Nos cursos 2012-13 e 2013-14 destacou a súa participación no Proxecto de tours virtuais sobre rutas de senderismo das cercanías de Mondoñedo, polo que recibimos un premio de innovación educativa. Fixemos asimesmo unha visita ao Veral en Lugo, ó centro de recuperación de especies, de produción de alevíns de troita común e de coello e perdiz, unha excursión a León a un centro privado de produción de perdices, unha exposición de cogumelos, e un obradoiro de elaboración de cosméticos naturais empregando aceites esenciais do xardín de aromáticas da leira do IES San Rosendo. Parte do traballo levado a cabo in situ tivo unha continuidade fóra pois, por exemplo, a pranta que produciron utilizouse en actividades de axardinamento en parques e zonas verdes de Mondoñedo.

Cos alumnos colaboran entidades coma a Axencia Agraria Comarcal ou o Distrito Forestal, que lles deu a posibilidade de manexar os elementos dun camión antiincendios. Participaron en viaxes formativas que lles permitiu coñecer espazos naturais novos e diversos. Entre eles, o parque natural do Caurel e o Centro Ictioxénico de O Veral, onde viron as instalacións que permiten a cría de troita autóctona e de salmón e o Centro de Recuperación de Fauna. Máis informacion : http://ciclosagraria.cursosytemarios.es.


# I.E.S. San Rosendo

Avda. de San Lucas, 33 - 27740 Mondoñedo - Tel.: 982 521 034 - Fax: 982 507 444
e-mail: ies.san.rosendo@edu.xunta.es

ESO - BAC (seccións bilingües)
Ciclos de Formación Profesional con prácticas en prestixiosas empresas da zona e na Consellería de Medio Ambiente
Ciclo Formativo de Grao Superior "Xestión forestal do medio natural"

Ciclo Formativo de Grao Medio - Oferta modular (para adultos)
"Aproveitamento e conservación do medio natural"

FP Básica de Agroxardinería e composicións florais

Data da matrícula
PREINSCRICIÓN PARA CICLOS: ata o 4 de xullo
MATRÍCULA: 18 ao 24 de xullo
ESO e BAC: ata o 4 de xullo / setembro: 4 e 5